





# MONTE DA VELA

Adela Leiro, Mon Daporta  
agosto 2018



**Distancia:** 7,5 km (ida e volta)

**Dificultade:** media, se se fai desde Lavacerido e baixa desde Montefaró.



Monte da Vela e Pena Branca



Punta Bieiteiro

Unha camiñada para achegarnos ao espazo ocupado por antigas instalacións militares, das que se conservan diversas estruturas. O cume do monte da Vela é o punto máis elevado da costa de Valdoviño, desde el, a case 250 m sobre o mar, abránguense panorámicas de toda a contorna, de todos os saíntes da liña litoral, entre o cabo Prior e a punta Chirlateira, e do interior. PERCORRIDO:

Hai dúas posibilidades de facer este roteiro: unha de 7,5 km, ida e volta, desde a praia do Río, de Meirás, por Lavacerido, por un camiño de bastante pendente que vai gañando altura preto da beira do cantil, e pasando ao pé de diferentes plataformas nas que se asentaban as pezas de artillería, que logo enlaza co que sube desde Montefaró; ou pola subida natural desde Montefaró, de un km menos e coa posibilidade de poder facelo en coche, aínda que a partir da metade do camiño, onde hai un alargamento e fai unha volta pechada á esquerda, que tamén é o punto no que enlaza o camiño que sube da praia de Meirás, debemos deixar o coche e aproveitar para achegarnos á beira do cantil para ver desde arriba ou para baixar ata as plataformas das pezas artilleiras, co que igualamos a distancia que se percorre indo por un ou por outro roteiro.

De ahí en diante os toxos, que medran en liberdade, a maiores de produciren un son pouco agradable poden deixar máis dun sinal na pintura. Pero para camiñar a pé non hai problema porque o camiño, con bo firme, conserva amplitude suficiente para o paso de persoas ou bicicletas, a subida ao cume é un pouco máis estreita e menos regular, pero andase con facilidade



Alto de Campelo: vista sobre a costa de Valdoviño. No primeiro plano os restos das baterías militares.





Vista do Monte da Vela e a praia de Campelo



Punta Fontes



Vista cara ao interior



Vista da costa de Valdoviño, Narón e Ferrol



Punta Fontes e illote do Castelo



Vista da costa de Valdoviño desde o alto do Campelo